

## SITUACIÓN EXCEPCIONAL – EXECUCIÓN DE OBRAS DIANTE DA PORTA PRINCIPAL DA EEI VILA LAURA (VIGO)

(Xoves 16 de maio de 2024)

Durante aproximadamente 7-10 días, segundo nos informaron, a entrada principal da nosa escola quedará inutilizada por mor das obras que van acometer diante da mesma.

### ACCESOS

**TODOS** os accesos á escola serán a través das portas “*MOREIRA*” e “*MUSICAL*”.



A porta “*MOREIRA*” da acceso ao parque da rúa Pintor Colmeiro.



A porta “*MUSICAL*” está ubicada ao carón da porta principal do Aulario.

## ENTRADAS

Ambas portas abriranse aproximadamente ás 8:50 horas, coma de costume.

O **alumnado de 5 anos e de 4 anos** colocaranse nas filas ubicadas no patio exterior superior (véxase imaxe).



Empregaranse as mesmas filas que se utilizan a diario cando nos recolleemos do recreo. Preguntádelle ao voso fillo/a cal é a súa fila-cor.

As mestras recollerán ao seu alumnado nas filas, comezando a entrar pola fila esquerda (cor branco), e a continuación as seguintes por orde.

**IMPORTANTE:** intentade non cruzarvos por diante das filas para non interromper o paso dos nenos/as.

Todas as familias abandonarán o recinto escolar pola porta “*MOREIRA*”.

O **alumnado de 3 anos** colocaranse nas filas ubicadas no patio exterior inferior (véxase imaxe).



As mestras recollerán ao seu alumnado nas filas, comezando a entrar pola fila máis á esquerda, e a continuación as seguintes por orde.

Todas familias abandonarán o recinto escolar pola porta “MOREIRA” accedendo á mesma a través das portas brancas correderas (véxase imaxe).

## SAÍDAS

TODO o alumnado sairá pola porta “MOREIRA”, sendo o horario de 13:55 horas para o alumnado de 3 anos (como se viña facendo ata agora), e ás 14:00 horas sairá o resto do alumnado por orde (5 anos e 4 anos respectivamente).

**IMPORTANTE:** cando recollades ao voso fillo/a é de grande axuda deixar o espazo libre para que outras familias poidan recoller aos nenos/as que todavía faltan por saír.

En caso de choiva, abrírase a porta “MOREIRA”, coa debida antelación, para que poidades recoller aos vosos fillos/as nas súas filas correspondentes.

## ACCESOS A OUTRAS HORAS

O alumnado que chegue á Escola máis tarde ou teña que marchar antes de tempo por causas xustificadas, accederá SEMPRE pola porta “Musical”.

Será o conserxe o encargado de abrir esa porta e de avisar ao profesorado de garda correspondente para acompañar ao alumnado á súa aula.

Para unha mellor organización, prégase avisedes ás titoras coa debida antelación da chegada / recollida do voso fillo/a fóra do horario de entradas e saídas habituais.

Por todo isto, **rógase puntualidade**, dado que, do outro xeito, o tempo de espera para acceder á escola pode demorarse.

Moitas grazas pola vosa paciencia, puntualidade e colaboración.

O Equipo Directivo  
EEI Vila Laura (Vigo)